

## SUBSTANTIVO (páx. 48 e seguintes).

<p>1. Le con atención o texto da páxina 49 e localiza os substantivos e adxectivos que aparecen nel. Despois clasifícaos en masculinos e femininos.</p> <p>2. Clasifica os seguintes substantivos desde un punto de vista semántico: <i>alicate, decepción, cardume, enxame, planta, baleiro, moeda, Coristanco, auga, area, Evaristo, público.</i></p> <p>3. Define os substantivos destacados no seguinte enunciado desde un punto de vista semántico, morfolóxico e sintáctico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Aquela mañá de <b>primavera</b> os rapaces da aldea non tiñan <b>présa</b> en volveren para a casa e seguían cos seus xogos e <b>divertimentos</b> na rúa.</li> </ul>	<p>4. Busca no dicionario as seguintes parellas de substantivos e di cal é a diferenza de significado que presentan debido ao seu xénero:</p> <table border="0"> <tr> <td>agro / agra</td> <td>saco / saca</td> <td>madeiro / madeira</td> </tr> <tr> <td>río / ría</td> <td>dedo / deda</td> <td>caldeiro / caldeira</td> </tr> </table>	agro / agra	saco / saca	madeiro / madeira	río / ría	dedo / deda	caldeiro / caldeira																																						
agro / agra	saco / saca	madeiro / madeira																																											
río / ría	dedo / deda	caldeiro / caldeira																																											
<p>5. Forma o feminino das seguintes palabras:</p> <table border="0"> <tr> <td>abade</td> <td>mentirán</td> <td>pai</td> <td>toleirón</td> </tr> <tr> <td>bretón</td> <td>mestre</td> <td>pailán</td> <td>urbano</td> </tr> <tr> <td>capitán</td> <td>monxe</td> <td>rapaz</td> <td>xudeu</td> </tr> <tr> <td>compostelán</td> <td>padriño</td> <td>san</td> <td>campión</td> </tr> </table> <p>6. Pasa a feminino as seguintes frases.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– O emperador e o príncipe celebraron unha cea de benvida para os embaixadores.</li> <li>– O sogro e mais o xenro non se levan alá moi ben que digamos.</li> <li>– O can que avisou do accidente foi o verdadeiro heroe do suceso.</li> <li>– Os actores interpretaban os papeis dun cabaleiro alemán e un nobre italiano.</li> </ul> <p>7. Corrixe os erros que atopas no xénero dos substantivos deste enunciado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Malia ir un calor abafante, levaba unha diadema na cabeza.</li> <li>– A vaca ten unha doenza na ubre e a súa leite non se pode beber.</li> <li>– Un cabalo deulle unha couce que lle provocou unha dor moi intensa.</li> <li>– Leva moitos anos na cárcere por cometer unha masacre.</li> </ul>	abade	mentirán	pai	toleirón	bretón	mestre	pailán	urbano	capitán	monxe	rapaz	xudeu	compostelán	padriño	san	campión	<p>8. Pon en plural os seguintes enunciados, intentando manter a coherencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– O martes comprei un lapis e un compás para a clase de Debuxo.</li> <li>– Finalmente, o proxectil israelí resultou ser un mísil.</li> <li>– Para andar polo iceberg o gardacostas precisaba un bo anorak.</li> <li>– Tomou un café no oasis co seu amigo saharauí.</li> <li>– No prado vin unha vacaloura, un cabaliño do demo e un réptil.</li> <li>– Naquel local social sérvese unha infusión de herba natural.</li> <li>– O venres pódese visitar o dolmen e o xardín do hotel.</li> <li>– O seu nivel cultural é aceptábel.</li> </ul> <p>9. Escribe o plural das seguintes palabras:</p> <table border="0"> <tr> <td>test</td> <td>baúl</td> <td>azul</td> <td>mel</td> </tr> <tr> <td>pub</td> <td>nó</td> <td>fiable</td> <td>tórax</td> </tr> <tr> <td>fácil</td> <td>cartafol</td> <td>motor</td> <td>xentil</td> </tr> <tr> <td>rei</td> <td>caracol</td> <td>clímax</td> <td>ollomol</td> </tr> <tr> <td>anel</td> <td>hotel</td> <td>civil</td> <td>lapis</td> </tr> <tr> <td>dolmen</td> <td>algún</td> <td>ancían</td> <td>tándem</td> </tr> <tr> <td>xudeu</td> <td>bocoi</td> <td>dor</td> <td>dúplex</td> </tr> </table>	test	baúl	azul	mel	pub	nó	fiable	tórax	fácil	cartafol	motor	xentil	rei	caracol	clímax	ollomol	anel	hotel	civil	lapis	dolmen	algún	ancían	tándem	xudeu	bocoi	dor	dúplex
abade	mentirán	pai	toleirón																																										
bretón	mestre	pailán	urbano																																										
capitán	monxe	rapaz	xudeu																																										
compostelán	padriño	san	campión																																										
test	baúl	azul	mel																																										
pub	nó	fiable	tórax																																										
fácil	cartafol	motor	xentil																																										
rei	caracol	clímax	ollomol																																										
anel	hotel	civil	lapis																																										
dolmen	algún	ancían	tándem																																										
xudeu	bocoi	dor	dúplex																																										

### Morfosintaxe

6. Forma o feminino das seguintes palabras.

patrón	americano	porcallán
campión	san	nugallán
chan	temperán	truán
catalán	insán	nipón
vilán	aldeán	ladrón
papón	urbano	afgán
solteirón	sandeu	sancristán

7. Escribe estes termos en plural.

xirasol	táctil	compás
aerosol	lapis	alfil
club	córner	mantel
alcohol	xuvenil	dolmen
mércores	rol	xornal

## ADXECTIVO (páx. 67 e seguintes).

### 1. Introduce a conxunción comparativa adecuada.

- Gústame máis correr polo monte \_\_\_\_\_ por asfalto.
- Son moito máis rápido \_\_\_\_\_ os meus rivais.
- Este coche corre menos \_\_\_\_\_ o que tiña antes, pero é máis seguro.
- Non sexas \_\_\_\_\_ min e céntrate no verdadeiramente importante.
- O libro era moito máis interesante \_\_\_\_\_ supoñía.
- Chegaron tan lonxe \_\_\_\_\_ lles foi posible.

### 2. Corrixe os erros que atopas nos seguintes enunciados:

- O teu problema non ten nada que ver có meu.
- Teñen vostedes algunha oferta mellor ca nosa?
- Queres ser como ela, pero deberías tratar de ser ti mesma.
- Co xefe queira non significa cos demais queiramos.
- As miñas flores son máis vistosas cas túas.

- Constrúe cinco enunciados onde empregues, en grao comparativo, estes adxectivos tirados do texto: *furioso, irreversible, preciso, masivo, serio*.

### 4. As seguintes frases están formadas por un substantivo e un adxectivo en grao positivo:

- Rapaz pobre
- Casa grande
- Sentimentos profundos
- Condicións míseras
- Partindo destes modelos, elabora varios enunciados onde empregues os adxectivos en grao comparativo e en grao superlativo.

## PRONOME PERSOAL (páx. 82 e seguintes).

1. Localiza os pronomes tónicos do seguinte texto e di cal é a función que desempeñan en cada caso.

–Pero aquí só estamos vostede e mais eu.  
–Hoxe si, porque con tanta xente de fóra prefiren non darse a ver.  
–E vostede?  
–A min tanto me ten. Grazas a estar aquí falando contigo, o tempo non me pasa tan amodo.  
–E por que segue na illa?  
–E onde ía ir? Un non é de onde nace, nin sequera de onde paxe. Somos de onde morremos, e a min tocoume morrer aquí, que lle vou facer.  
–Eu ás veces escribo relatos nos periódicos, non sei se lle importa que conte que estiven aquí falando con vostede...  
–Fálame de ti, home, que somos dun tempo. Os setenta anos estes non os estarás sumando, non si? Eu sigo tendo trinta e seis, é o único bo de morrer tan novo. E podes contar o que queiras, ninguén te vai crer.

HÉCTOR CAJARAVILLE, *De remate*.

2. Indica se é correcta a forma do pronome átono de segunda persoa.

- Non te dixen antes que te preparases para saír?
- Mira que mañá vou levarche os regalos, non cho vaías perder!
- Non che coñece de nada, así que non te fíes.
- Prométoche que te escribirei unha carta cada día.

3. Identifica os pronomes de solidariedade.

- Non che me importa nadiña o que esa xente poida dicirche de min.
- Sen que lle eu pedise nada, tróuxoche un saco de patacas da aldea.
- Se vos ataca un xabaril, non vos hai mellor protección ca ficar quedos.

4. Sinala os pronomes persoais do seguinte texto e indica a función de cada un.

SAHARA: Non é xusto!

SOLDADIÑO: Non sabes canto o sinto, pero as leis sonche as leis e hai que cumprilas.

SAHARA: Pero eu non podoo agardar. Teño que beber, levo moitos días camiñando polo deserto e morro coa sede.

SOLDADIÑO: Hai un oasis preto de aquí. Pasei por el de camiño e enchín a cantimplora de auga.

SAHARA: Ulo?

SOLDADIÑO: Detrás da fronteira, pero como non podes pasar terás que buscar a auga noutra parte.

SAHARA: Estou moi cansa e detrás de min non hai nada máis que o deserto. Seguro que me desidrataría, morrería e acabaría comida polos bechos. (Desmáíase moi teatralmente)

Soldadiño abre a porta do valo e achégase a Sahara. Tira da cantimplora e achégalla aos beizos. Ela bebe.

CARLOS LABRAÑA, *O valo*.

5. Corrixe os erros de colocación do pronome que atopas nos seguintes enunciados. Se hai varias posibilidades, indícaas.

- Se pode? Chego tarde porque perdinme polos arredores...
- Non sei como fai, pero todos quéréna e se preocupan por ela.
- Nos pediron que lles levásemos diñeiro e se nos esqueceu.
- Talvez déanlle o que pediu, pero non vaino saber ata máis adiante.
- Teño que poñerme a estudar para o exame, se non me vai saír mal seguro.

6. Substitúe os elementos subliñados por pronomes e realiza as contraccións necesarias en cada caso.

- Non vos ofreceu un refresco ao chegardes?
- Foi ao monte e colleulles flores a todos os seus amigos.
- Tardou case un ano en devolverlle o libro.
- Tardaron case un ano en devolverlles os libros.

7. Indica todas as posibilidades de colocación correctas do pronome que aparece entre parénteses.

- É preferible vender (as).
- Estou pensando mellor (o).
- Cantas veces intentei deixar de querer! (te).
- De camiño, ía contando un conto (lle).

## ARTIGO + N-I-P-I-D-E (páx. 100 e seguintes).

1. Que funcións pode desempeñar un determinante e cales un pronome? Explica coas túas palabras.
2. Explica en que se diferencia un determinante dun adxectivo. Pon exemplos de secuencias en que aparezan as dúas clases de palabras, sinala cada unha delas e di que función desempeñan nunha unidade superior.
3. Localiza todos os artigos deste texto e clasifícaos en determinados e indeterminados. Explica o seu uso en cada caso.
  - Cando o artigo sexa parte dunha contracción indica que elementos a forman.

Esta guía de campo foi creada para che dar a coñecer unha especie que non pertence ao mundo natural, mais que cada vez está máis presente nas nosas praias e océanos. Cando a coñeceu, Ana pensou que era importante darlle un nome científico, pois as cousas vólvense máis concretas cando lles damos unha identidade. Tratar este problema

como unha «especie invasora» tiña outra vantaxe: permitiría observar en detalle algúns aspectos estudados polos científicos cando se dedican á investigación dunha especie. Por exemplo: a familia á que pertence, as súas características, o modo en que se distribúe polo planeta (ou por unha determinada rexión) ou o seu ciclo de vida.

Inspirándose na nomenclatura usada polos científicos, Ana inventou un nome para a designar, un nome que ficase na memoria e demostrase un pouco o absurdo que é isto de chegarmos a un punto en que temos tanto plástico nos océanos que podemos consideralo unha especie invasora.

Ana chamoulle a esa especie invasora *Plasticus maritimus* por razóns obvias: *Plasticus*, porque é unha especie feita de plástico, e *maritimus*, porque se pode atopar en todos os mares e zonas costeiras.

ANA PÊGO, *Plasticus maritimus*, unha especie invasora.

4. Le o seguinte texto.

A partida da súa familia aínda lle parecía algo afastado e irreal. Como cando de súpeto, por mor dunha treboada, as liñas telefónicas quedan cortadas. Todo este tempo negárase a comprender que desapareceran realmente, que os levaran xalundes. E para ela iso non tiña perdón. Que pensara? Que a nova da desaparición dos seus era un erro ou unha broma pesada? De marchar, de se ter asegurado de que xa non estaban, quizais os acontecementos daquela mañá lle terían máis sentido...

Cando oíu que desapareceran quixo morrer, coma se morrer fose unha canción que un pide.

Por que seus pais? Por que súa irmá? Se fuxisen da Saraievo ela saberíao. Leváronos só porque non marcharan axiña de Grbavica e, como tampouco S., non crían que o que lles estaba a acontecer era a guerra?

SLAVENKA DRAKULIĆ, *Como se non existise*.

- Localiza os demostrativos e posesivos presentes no texto.
  - Di en cada caso se están desempeñando función de determinante ou de pronome.
  - Comenta o uso dos posesivos en cada caso.
  - Explica por que algúns levan artigo e outros non.
5. Constrúe dúas secuencias con *cadanseu(s)* e *cadansúa(s)*.

6. Sinala e clasifica todos os artigos, determinantes e pronomes que aparezan no texto seguinte. No caso das contraccións, comenta que elementos as forman:

### As olladas perdidas

Nos ollos da xente vense reflectidos, agora máis que nunca, os problemas que eles teñen, os seus medos e as súas angueiras, as coidas máis íntimas e nalgúns casos a desesperación. É nos ollos, pois unha parte do seu rostro, aquela que dá idea certa do estado de ánimo, permanece oculta pola máscara. É unha muda importante no xeito de se comunicar, onde unha parte importante do que se denomina linguaxe non-verbal deixou de ter a importancia que tiña antes da pandemia. É unha

constatación. Esa mingua nas capacidades comunicativas básicas unida a unha desaparición brutal do contacto interpersoal, está levando a un incremento dos niveis de illamento e agresividade.

Certo é que medraron as nosas comunicacións polas pantallas dos ordenadores, mais non está claro que estas conversas a distancia poidan suplir dalgún xeito o contacto interpersoal.

Esta situación inesperada ten xa unha incidencia sobre a saúde mental do conxunto da poboación, de xeito que a sociedade semella –e no futuro a situación non vai facer senón evolucionar– psiquicamente desestruturada.

XABIER QUEIPO, *Nós Diario*, 2/10/2020.